

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA

CURSO: 3º ESO

MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA

DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA

DATA: 11-5-2020

XEFE DO DEPARTAMENTO: JESÚS MARTÍN CARRASCO

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1-Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite	Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite
	Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas
	Coñece e interpreta os tipos de mapas temáticos
Coñecer a organización administrativa e territorial de España e Europa	Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.
Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario, e extraer conclusións.	Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos
Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas	Diferencia os diversos sectores económicos europeos.
Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións.	Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el
Localizar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial	Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas
Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo.	Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo a través de lendas e símbolos adecuados
Entender os fluxos e os bloques comerciais	Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país
	Describe as características do comercio internacional na actualidade
	Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns olas que se constitúen
Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica.	Identifica os tipos de turismo e os seus efectos
Analizar gráficos de barras por países e textos onde se reflectan os niveis de consumo, o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos.	Compara as características do consumo interior de países como Brasil e Francia

Relacionar áreas de conflicto bélico no mundo con factores económicos	Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relaciónas con factores económicos
---	---

2-Avaliación e cualificación.

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Traballo co ordenador: elaboración de táboas e gráficas.</p> <p>Análise de textos xeográficos.</p> <p>Preguntas pechadas e abertas, de selección múltiple, de emparellamento, ...</p> <p>Análise e interpretación de mapas.</p> <p>Elaboración de esquemas.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Escala de observación (numéricas e descritivas)</p> <p>Diario</p>
Cualificación final	<p>Nota media da primeira e segunda avaliación + ata 2 puntos en función das tarefas realizadas dende o 13 de marzo.</p> <p>O alumnado que tivera unha ou dúas avaliacións suspensas terá a oportunidade de recuperala durante este período, e terase en conta dita recuperación para a cualificación final.</p> <p>As tarefas que se entregan fora de prazo, unha vez que o profesor xa colgou as solucións na aula virtual, non contan para subir nota.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>En setembro a proba consiste nun exame baseado nos contidos impartidos ata o 13 de marzo</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Non procede</p>

3-Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Actividades	<p>As tarefas son de 3 tipos: de recuperación, de reforzo e de ampliación.</p> <p>As de recuperación son para aquel alumnado que suspendeu unha ou as dúas avaliacións, e terá que traballar durante este período para recuperar.</p> <p>As de reforzo e ampliación son para o alumnado que non</p>
--------------------	---

	<p>ten que recuperar, e que tivera tanto notas baixas dentro do aprobado como altas:</p> <p>Actividades de localización de puntos nun mapa a partir das coordenadas xeográficas.</p> <p>Actividades a partir dun mapa político de España para recoñecer as comunidades autónomas e as provincias.</p> <p>Preguntas teóricas sobre as institucións políticas de España e Galicia.</p> <p>Análise de gráficas sobre a distribución da poboación activa por sectores en diferentes países, obtendo conclusións sobre o grao de desenvolvemento dos mesmos.</p> <p>Preguntas teóricas sobre o desenvolvemento sustentable e análise de textos e imaxes para apreciar as consecuencias cando non é sustentable.</p> <p>Exercicio cun mapa mundial sobre os bloques comerciais.</p> <p>Preguntas teóricas sobre conceptos relacionados co comercio.</p> <p>Exercicio de comparación de dúas fotografías dun mesmo lugar nos anos 60 do século pasado e na actualidade para apreciar a incidencia do turismo sobre o territorio (por exemplo, Benidorm)</p> <p>Actividade de comparación dos datos socioeconómicos de Francia e Brasil.</p> <p>Localización nun mapa mundial dos principais conflitos da actualidade.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Os luns a primeira hora (8:30) o profesor colga as tarefas na aula virtual do centro, na que aparecen a explicación das mesmas, os materiais necesarios para a súa elaboración e o prazo de entrega. Por acordo xeral do profesorado da ESO en reunión telemática, estableceuse os venres ás 17:00 horas como prazo para a entrega das tarefas por parte do alumnado. Esta entrega de tarefas realízase a través do correo electrónico facilitado polo profesor.</p> <p>Durante a semana o profesor vai resolvendo dúbidas, corrixindo as tarefas segundo van chegando e comunicándolle ao alumnado o resultado da mesma.</p> <p>O fin de semana o profesor colga na aula virtual as solucións das tarefas.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Libro de texto, documentos (textos, mapas, gráficos, ...) aportados polo profesor, páxinas web</p>

4- Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O profesor utilizará a aula virtual e o correo electrónico para comunicarse co alumnado e as familias
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.